



CIRCULAR INFORMATIVA ÁS FAMILIAS DE 3º DE ESO

Estimados pais e nais:

Dirixímonos a vostedes para darlles a benvida neste curso escolar e para informarlles dalgúns asuntos que lle poden interesar:

HORARIO DE ATENCIÓN AOS PAIS	3º A	María Díaz Díaz	MÉRCORES 09:20 -10:10
	3º B	Laura de Uña García	XOVES 11:20 – 12:10
	3º C	Mónica Santos Ruíz	XOVES 12:30 – 13:20
	3º D	Magali Meijueiro Pazó	VENRES 10:30 – 11:20
	3º E	Montserrat Arza Rodríguez	MÉRCORES 11:20 – 12:10
	3º F	Aurora González Teixeira	LUNS 11:20 – 12:10
	PMAR	José Manuel Vázquez Lema	MARTES 11:20 – 12:10
HORARIO DO EQUIPO DIRECTIVO PARA ATENCIÓN AOS PAIS	Xefat. de Estudos: Maite Reigosa Fdez		Xoves de 10:30 a 11:20
	Dirección: Carmen R.-Trelles Astruga		Luns, mércores e venres de 12:30 a 14:00
HORARIO DE ORIENTACIÓN PARA ATENCIÓN AOS PAIS	Orientadora: Berta Pérez Sánchez		Mércores de 09:20 a 10:10
TELÉFONO DO INSTITUTO: 881960347			
TELÉFONO DA APA: 607676236			
HORARIO DO EQUIPO DIRECTIVO E DE ORIENTACIÓN PARA ATENCIÓN AOS ALUMNOS		1º recreo de mércores, xoves e venres 2º recreo luns, martes e mércores	

CALENDARIO ESCOLAR	Períodos vacacionais	<p>Vacacións de Nadal: desde o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro, ámbolos dous incluídos.</p> <p>Vacacións de Semana Santa: do 24 de marzo ao 2 de abril, ámbolos dous incluídos.</p> <p>Festas do Entroido: 12, 13 e 14 de febreiro.</p>
	Días non lectivos	7 de decembro (día do Ensino)
	Días festivos que inciden nas actividades académicas	<p>12 de outubro: día da hispanidade</p> <p>1 de novembro: Todos os santos</p> <p>6 decembro: día da Constitución</p> <p>8 de decembro: día da Inmaculada</p> <p>8 de marzo: día da muller</p> <p>1 de maio: día do traballo</p> <p>17 de maio día das letras galegas</p>
	Días de libre elección do centro	13 de outubro
	Último día de clase	21 de xuño
ENTREGA DE BOLETÍNS DE CALIFICACIÓNS	<p>As posibles datas de entrega de notas serán:</p> <p>1ª avaliación: 21 de decembro</p> <p>2ª avaliación: 23 de marzo</p> <p>As datas da entrega de notas finais comunicaranse oportunamente.</p> <p><u>Os boletíns devolveranse asinados o día seguinte á súa entrega, e íntegros, sen separar as notas do acuse de recibo.</u></p>	
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	<p>A relación atópase no instituto a disposición dos pais.</p> <p>Xefa de actividades extraescolares e complementarias: Julia Ferreiro López</p>	
COMUNICADOS ÁS FAMILIAS	<p>Nos primeiros dez días de cada mes os pais recibirán a través dos seus fillos unha notificación coas faltas de asistencia correspondentes ao mes anterior. Esta notificación vai acompañada dun acuse de recibo a modo de recortable que non é necesario devolver aínda que si é aconsellable facelo. En calquera caso, <u>os pais considéranse informados</u>, posto que lles será entregada a todos os alumnos aínda que non teñan faltas de asistencia nin outros asuntos que resaltar. (Por favor, se non reciben a mencionada notificación dentro dos primeiros dez días de cada mes, reclámana ao seu fillo posto que sempre lles será entregada en man). As faltas de setembro e outubro enviaranse xuntas os primeiros dez días de novembro.</p> <p>En breve iremos incorporando a aplicación ABALAR móbil que permite informarlles puntualmente das faltas de asistencia dos seus fillos a través dos teléfonos móbiles. Informarémolles disto oportunamente.</p>	

<p>NORMAS PARA RECORDAR</p>	<p>Está totalmente prohibido para os alumnos/as saír do centro no horario lectivo.</p> <p>Non se permitirá a ningún alumno de ESO abandonar o centro se non é acompañado por un <u>adulto autorizado</u>.</p> <p>Se un alumno fai desaparecer ou cambiar o contido dos partes das aulas considerarase unha falta moi grave.</p> <p>Se un alumno falta a clase deberá presentar o xustificante ao titor nas 48 horas seguintes á súa reincorporación ao centro.</p> <p>Cando a falta de asistencia afecte á realización dun exame deberá presentarse certificado médico ou xustificante externo á familia para ter dereito á súa repetición.</p> <p>Se un alumno ten unha indisposición leve debe presentarse en dirección desde onde se chamará aos seus pais para que o recollan. Non administramos ningún tipo de fármaco. Se un alumno debe tomar algún tipo de medicina, deberá traela da casa e avisar ao profesor correspondente para que lle permita saír á hora que lle toque a toma da mesma.</p> <p>Os/as alumnos/as non poden usar dentro do recinto escolar teléfonos móbiles, aparellos de radio, reprodutores de música, viseiras nin cámaras de fotos. A súa mera presenza ante o persoal do centro ocasionará a custodia dese obxecto no instituto ata que a familia o recolla. Así mesmo gravar ou fotografar persoas, lugares ou sucesos do instituto provocará a apertura dun expediente disciplinario.</p> <p>Os atrasos a clase, si se reiteran, teñen o carácter de faltas graves.</p> <p>Os alumnos que o soliciten poderán facer uso da biblioteca durante as gardas dos profesores.</p> <p>Os luns de 15:30 a 16:20 os alumnos poderán facer uso dun espazo para facer os deberes ou estudar pedindo autorización previamente á xefa de estudos</p> <p>Os alumnos pendentes recibirán unha atención e un seguimento ao longo do curso por parte do departamento didáctico correspondente, atención e seguimento do que vostedes tamén estarán informados mediante notificación a través dos seus fillos. É importante destacar que, ademais dos avisos referentes a probas, entregas de traballos, que cada departamento faga aos alumnos, estes <u>deberán mirar sempre no taboleiro de anuncios</u> habilitado para tal fin posto que aí é onde se centralizará e actualizará toda a información e, se fose necesario, os cambios de horas ou datas precisos, así como na páxina web.</p> <p>Os xustificantes que vostedes reciban para as saídas complementarias que organice o centro deberán devolverse asinados, <u>tanto se autorizan a saída dos seus fillos como se non o fan</u>. A non entrega dos mencionados xustificantes nas datas fixadas poderá implicar a non asistencia a posteriores saídas. Lembramos tamén que son actividades complementarias da súa formación académica e, polo tanto, considerase importante a súa asistencia. Sen embargo, se por algún motivo un alumno non pode asistir a algunha delas, acudirá ao centro con normalidade, onde fará as súas tarefas, sendo atendido en todo momento polo profesor de garda.</p> <p>Se un alumno necesita abandonar a aula urxentemente para ir ao cuarto de baño, considerarase o caso coma se se tratase dunha indisposición leve</p>
<p>COMEDOR</p>	<p>Se vostedes saben que o seu fillo vai faltar ao comedor, deberán comunicalo con anticipación chamando ao centro e dándolle a información ao conserxe, e, a continuación por escrito, que deberá entregarse no buzón de dirección o máis axiña posible. Na súa contra, contabilizarase a ausencia como falta non xustificada. Ao acumular dúas, perderían o dereito á gratuidade do servizo, podendo acceder a el pagando.</p>
<p>TRANSPORTE</p>	<p>Dúas faltas non xustificadas ao transporte escolar conlevarán a perda do dereito ao mesmo.</p>
<p>REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR</p>	<p>Se vostedes desexan consultar o Regulamento de Réxime Interior, unha copia deste se atopa á súa disposición no despacho de dirección e na páxina web.</p>

<p>CAMPAÑA DE CONSUMO SAUDABLE</p>	<p>Estamos traballando nunha campaña de <u>consumo saudable</u>. Por este motivo os bocadillos, zumes, auga e froita tiveron un incremento mínimo de prezos ou non tiveron incremento, para favorecer entre os nosos alumnos as súas preferencias cara este tipo de alimentos.</p> <p>Así mesmo, vostedes poden dispoñer duns <u>bonos</u> para o consumo de bocadillos e bebidas para os seus fillos. Deste maneira, contratando estes bonos na cafetería asegúranse de que o seu fillo consume o que vostedes prefiren, e o seu fillo limitaríase a cambialos pola consumición acordada. Ademais, supoñen un desconto no importe da consumición. Outra vantaxe é que así os seus fillos non terían que traer diñeiro ao instituto. Para máis información poden vostedes dirixirse á directora ou ao persoal da cafetería. O número de bonos que vostedes queiran contratar dependerá do seu interese. (Xúntase un modelo de bono para a súa consideración).</p>
<p>VIAXAR EN AUTOBÚS DISTINTO</p>	<p>Excepcionalmente un alumno pode viaxar nun autobús distinto ao que lle corresponde sempre e cando haxa praza libre no que solicita, sempre que sexa autorizado por escrito por dirección, e sempre que a petición veña acompañada dunha solicitude por escrito da familia que garanta que esta está informada e asume as condicións da solicitude.</p>
<p>MATERIAL ESCOLAR</p>	<p>Co fin de que os alumnos se acostumen a coidar o seu material (libros, libretas, bolígrafos,...) está prohibido deixalo nas aulas dun día para outro. Deberán levalo á casa diariamente ou optar por utilizar unha das taquillas que están á súa disposición.</p> <p>Desta maneira evítanse perdas, ou que uns alumnos teñan intercambiados os libros involuntariamente xa que algúns os deixan mesturados polo chan.</p> <p>Os libros que queden nas aulas serán recollidos polo persoal de limpeza e entregados ao secretario. Cando o alumno reclame os seus libros, o secretario chamará á súa familia para entregarllelos e informala, paralelamente, da incidencia</p>
<p>OUTROS TEMAS DO SEU INTERESE</p>	<p>É fundamental que os pais pidan cita ao titor con regularidade.</p> <p>O concello ten previsto impartir charlas sobre temas de interese para os nosos alumnos para completar a oferta do centro.</p> <p>Os pais dos alumnos poden pedir cita á orientadora ou a directora para recibir información acerca das mellores saídas profesionais e académicas dos seus fillos.</p> <p>Proximamente recibirán información sobre as diferentes viaxes de estudio.</p> <p>Advertirlles que moitos alumnos consideran “un salto importante” o paso de 2º a 3º polas decisións que empezan a adoptar e as repercusións destas. Que saiban que este é un sentir xeral, e un paso máis na súa evolución á etapa adulta.</p> <p>Poden dispoñer da atención da orientadora para calquera asunto que lles interese pedíndolle cita con antelación.</p> <p>Se vostedes sospeitan que os seus fillos están incubando unha enfermidade contaxiosa, eviten traelos ao instituto xa que lla transmitirían a outros compañeiros, algúns dos cales poden verse especialmente afectados debido ao seu historial médico.</p> <p>Por último dicirlles que ningún progreso se pode conseguir dos nosos alumnos se non traballamos na mesma liña os centros educativos e as familias.</p>

Culleredo, 4 de outubro de 2017

A Dirección